

UNHA APROXIMACIÓN Á LEXISLACIÓN PROVINCIAL DURANTE O REINADO DE SABELA II (1833-1868)

An approach to provincial legislation during the reign of Sabela II (1833-1868)

CARLOS LOZANO GONZÁLEZ

Universidade de Vigo

Recibido: 31/12/21
Aceptado: 10/10/22

Resumo

O reinado de Sabela II (1833-1868) supuxo a construción definitiva do Estado liberal en España e a administración provincial, a través das Deputacións provinciais e os delegados gubernativos, foron elementos fundamentais nese proceso. Mais a consolidación administrativa e política das Deputacións provinciais, tras un longo período de inestabilidade co reinado de Fernando VII, tivo que pasar un proceso dividido nunha primeira fase de retornos a antigas normas *doceañistas* e novas leis progresistas (1833-1843); unha segunda marcada polo longo predominio dun centralista liberalismo doutrinario e moderado (1845-1854); unha terceira e breve fase onde se amosaron intentos descentralizadores (1854-1865) e un período de volta ao moderantismo (1866-1868) antes do estoupido revolucionario de 1868. A través dunha recompilación das principais leis e proxectos sobre materia provincial durante o reinado sabelino, procuramos analizar e amosar eses pasos que levaron á consolidación das Deputacións provinciais no Estado español.

Palabras chave: Liberalismo, España, Provincia, Lexislación, s. XIX

Abstract

The reign of Sabela II (1833-1868) meant the definitive construction of the liberal state in Spain and the provincial administration, through the provincial councils and government delegates, were key elements in that process. But the administrative and political consolidation of the Provincial Councils, after a long period of instability with the reign of Ferdinand VII, had to go through a divided process in a first phase of returns to old Doceanist norms and new progressive laws (1833-1843); a second marked by the long predominance of a doctrinaire and moderate centralist liberalism (1845-1854); a third and brief phase showing decentralization attempts (1854-1865) and a period of return to moderantism (1866-1868) before the revolutionary outbreak of 1868. Through a compilation of major provincial laws and projects during the Sabine reign, we try to analyze and show those steps that led to the consolidation of the Provincial Councils in Spain.

Keywords: Liberalism, Spain, Province, Legislation, 19th century.

1. Prólogo: Liberais e absolutistas na fin do reinado de Fernando VII

A morte de Fernando VII, a fins de setembro de 1833, supuxo a instalación definitiva do liberalismo como modelo político para o Estado español, aínda que a oposición á nova organización foi inicialmente forte e intermitente ao longo do restante século XIX. Nos intres finais dun reinado fernandino marcado polos sempiternos conflitos coas elites e faccións liberais devanditas, as disputas pola sucesión realmente determinaron a situación a prol daqueles. O deostado monarca, quen casou con María Cristina de Borbón en decembro de 1829, tivo unha filla, Sabela, como prole, o cal supoñía un conflito na sucesión por mor da Lei Sállica establecida a comezos do s. XVIII por Filipe V e que determinaba a imposibilidade de que a Coroa hispánica caera en mans dunha muller. Porén, a comezos de 1830 as presións dunha raíña consorte cos visos de amparar o trono a prol da súa prole –aínda non nacera Sabela e, por conseguinte, non se sabía o sexo da súa primoxénita– chocaron coas pretensións de Carlos María Isidro de Borbón, irmán menor de Fernando VII e lexitimamente herdeiro á Coroa en caso de que o rei non tivera descendencia masculina.

Polo tanto, os tres derradeiros anos do reinado do neto de Carlos III estiveron marcados por outra crise que se sumou aos constantes problemas do inestábel período, e aínda máis trala aprobación definitiva da Pragmática Sanción en marzo de 1830. Coa abolición da devandita lei, a cal xa o conde de Floridablanca, secretario de Estado de Carlos III e de Carlos IV ata 1792, intentara anular, comezáronse a artellar dúas faccións ao redor dos dous posíbeis sucesores de Fernando VII: a *carlista*, liderada por Carlos María Isidro; e a *cristina*, comandada pola raíña María Cristina e baluarte principal da súa filla Sabela nada en outubro dese ano. As disputas, ameazas e vaivéns político neste período levaron a un impensábel e público apoio liberal á monarca consorte trala crise da Granxa, en setembro de 1832. Enfermo o monarca de gota, a raíña en calidade de gobernante foi premida polo seu cuñado para abolir a Pragmática Sanción a costa de non iniciar un conflito bélico. Para reverter a situación, María Cristina de Borbón, de escasas simpatías cara ao liberalismo, mais coñecedora da forza das elites económicas proliberais, decidiu outorgar o goberno, o 1 de outubro de 1832, ao heterodoxo absolutista Cea Bermúdez co fin de evitar posturas máis radicais e o conflito armado cos partidarios carlistas¹. As estruturas tradicionais e absolutistas comezaron a quebrar e o liberalismo, timidamente, pasaba a ocupar o chanzos de poder inimaxinábeis tralo acontecido en 1823. A amnistía e retorno de miles de exiliados ou a apertura das universidades tras dous anos pechadas foron algunhas das concesións da raíña co fin de manter

1 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 33.

o seu poder e reforzar a súa postura fronte ao candidato opositor, quen viu como se promulgaban ordes e decretos contrarios á súa causa e o propio membro da familia real tivo que marchar exiliado a Portugal.

En definitiva, a deriva política tomada nese período final, xunto co aperturismo obrigado en materia económica e mesmo militar nos anos previos, confirmou a inviabilidade do absolutismo como modelo político e económico para España. O liberalismo, pois, comezou a medrar dentro dos círculos de poder e, no intre da morte de Fernando VII e a proclama carlista de Abrantes, o 1 de outubro de 1833, a situación para os *crístinos-sabelinos*, por un lado, e para os liberais, por outro, era bastante sólida fronte as demandas dun carlismo ancorado no Antigo Réxime. A rebelión armada de Carlos María Isidro de Borbón atopouse nunha situación de forza en áreas concentradas, mais as estruturas socioeconómicas de España estaban a trocar e o triunfo do carlismo, e por conseguinte do absolutismo, “era ya una imposibilidad económica, social e intelectual”².

2. O período de rexencias (1833-1843)

2.1. *Real Decreto do 30 de novembro de 1833: a división provincial*

O Secretario de Estado e do Fomento Xeral do Reino de España, Javier de Burgos, fora nomeado no goberno de Cea Bermúdez co fin de establecer unha división provincial definitiva para o novo Estado español. O político andaluz, de pasado afrancesado, tivo moi en conta o proxecto de Bauzá e Larramendi de 1822, tal e como amosa a consolidación de Galicia nas catro provincias establecidas naquel³. Os cambios principais foron dous: por unha beira, trocou a denominación e a capital da antiga provincia de Vigo, trasladándose esta da cidade olívica á de Pontevedra, quen tamén deu o seu nome á nova demarcación; e, por outra, a antiga provincia de Vilafranca do Bierzo dividiuse en dous e pasou a formar parte, no seu lado oriental, á de León e, na súa parte occidental, á de Ourense, razón principal que amosa o actual mantemento da provincia episcopal de Astorga dentro da provincia administrativa ourensá⁴.

A nivel estatal, España quedou dividida en 49 provincias que, malia as escasas modificacións xerais acontecidas ao longo do século XIX e a creación de dúas provincias nas Canarias, en 1926, segue a ser a base da actual división provincial

2 CARR, R. (1969): 156-159.

3 GONZÁLEZ, P.I. (1978): 162-163.

4 CEBREIROS ÁLVAREZ, E. (2019): 61; VV.AA. (1822): 224-225; e VV.AA. (1833): 24-25..

española. A diferenza do previo Decreto LIX, do 27 de xaneiro de 1822, esta nova división non se baseou nin nunha comisión nin nun proxecto solicitado polas Cortes, xa que foi un decreto gubernativo quen aprobou a proposta de de Burgos. Así mesmo, tivo un cariz histórico que se amosou nunha irrelevante, a nivel político e administrativo, clasificación rexional que mantivo a denominación dalgúns dos reinos peninsulares, tal e como amosou que se procurara a máxima eficacia administrativa, militar, xudicial e facendística da denominada “unidade constitucional”⁵.

En definitiva, o Real Decreto do 30 de novembro de 1833 supuxo a consolidación territorial do réxime provincial español proxectado no artigo 11 da Constitución de 1812, á vez que promulgou a creación e normativa dun novo cargo que, coa posterior substitución dos Xefes Políticos por Gobernadores de Provincia, evolucionou ata os gobernadores civís: o subdelegado de Fomento. Mentres que o establecemento dos partidos xudiciais e concellos seguiu a mesma liña moderada e de rápida creación, a normativa dos segundos derivou nunha longa e discutida tarefa por parte das faccións liberais principais durante o reinado sabelino, coñecedores da relevancia política dos municipios e, do mesmo xeito, do poder que tiña o administración provincial para controlalos⁶.

2.2. Real Decreto do 21 de setembro de 1835

A instalación do réxime do Estatuto Real, en abril de 1834, consolidaba as reformas daqueles liberais moderados e dos absolutistas reformistas nun intre de necesaria cohabitación entre ámbolos dous sectores por mor do conflito carlista. E, como vimos, o proxecto provincial de Javier de Burgos supuxo un paso máis nesa consolidación do aparato liberal e oligárquico que se estaba a construír. Porén, a normativa sobre as Deputacións provinciais atopábase paraliza e aquelas institucións provinciais restabelecidas trala instauración do réxime cristino seguiron o estipulado no Decreto XLV do 3 de febreiro de 1823 ata unha nova lexislación provincial. Polo tanto, as Deputacións das provincias nadas a finais de 1833 non se

5 MARTÍNEZ, M. (1995): 316; ORDUÑA, E. (2003): 403-406; e MUÑOZ MUÑOZ, M.D. (2013): 68.

6 MARTÍNEZ, M. (1995): 317. O Real Decreto do 21 de abril de 1834 aprobou a creación dos partidos xudiciais nas provincias de réxime xeral, establecéndose un total de 451, quedando establecidos, para o caso ourensán, once (Allariz, Bande, Celanova, Xinzo de Limía, Ourense, A Pobra de Trives, Ribadavia, Señorín-O Carballiño, Verín, Viana do Bolo e Vilamartín de Valdeorras). VV.AA. (1834): 161-170; e ORDUÑA, E. (2003): 413. Precisamente, o decreto confirmou as poboacións provinciais totais e, por conseguinte, o número de deputados correspondente a cada unha delas (Ourense, 6 deputados). GONZÁLEZ, P.I. (1978): 164.

constituíran cunha nova normativa ata o Real Decreto, do 21 de setembro de 1835, sobre o modo de constituír e formar as Deputacións provinciais⁷.

Táboa 1. Corporación da Deputación Provincial de Ourense (1835)		
Deputación Provincial de Ourense		
Cargos	Nome	Distrito
Presidente	F.J. Martínez de Arce y Enríquez	Xefe Político
Vicepresidente	Juan Miguel Montoro	Intendente
Deputado	José Montenegro, marqués de Leis	Ourense
Deputado	Manuel Feijo y Río	Ribadavia
Deputado	José Novoa y Soto	Xinzo de Limia
Deputado	Bernando Villarino	Señorín-O Carballiño
Deputado	José Martínez	Celanova
Deputado	Luis Arias Ulloa	Trives
Deputado	Felipe Santos	Allariz
Deputado	José Reigada	Verín
Deputado	Vicente Álvarez Robleda	Viana
Deputado	José Álvarez Armada	Bande
Deputado	Tomás de Prada	Valdeorras

Fonte: ADPOU, Libro de Actas dos plenos, 22-X-1835, 23-X-1835 e 16-XII-1835.

O primeiro artigo desta orde establece que, cada provincia, terá unha Deputación provincial constituída polo delegado gubernativo, quen será o seu presidente; polo Intendente ou polo “gefe principal de Real Hacienda”; por un vogal por cada partido xudicial da provincia ou onde exista un xuíz de primeira instancia; e por

⁷ A Deputación Provincial de Ourense, a diferenza doutras entidades semellantes nadas durante o Trienio Liberal, non se constituíu no novo réxime ata pouco tempo despois do decreto de setembro de 1835, o 22 de outubro de 1835. ADPOU, Libro de Actas dos plenos, 22-X-1835. Esta data supón case un mes de antelación respecto á data dada por González Mariñas segundo o atopado no Arquivo da Deputación da Coruña, o 21 de novembro de 1835. GONZÁLEZ, P.I. (1978): 165. Pola contra, as últimas en constituírse na Galiza foron a Pontevedra, o 12 de febreiro de 1836; e a de Lugo, o 3 de outubro de 1836. FARIÑA, X. e PEREIRA, M. (1986): 128; e PRADO, A. (2005): 608.

un secretario nomeado pola propia institución, mais sen voto⁸. Posteriormente, a real orde determinará, por vez primeira, unha clara renda económica como requisito para ser deputado provincial. Xunto con outros tres condicionantes –maior de 25 anos, ser español e residente no partido xudicial nos dous últimos anos–, o candidato tiña que posuír unha renda de 6.000 reais de vellón, “procedentes á lo menos 3.000 de propiedade territorial ó industrial radicada en el país, ó subsistir independente y decentemente con el oficio de abogado, de médico ó médico-cirujano aprobado, con enseñanza ó profesión pública de alguna ciencia”⁹. Do mesmo xeito, o sistema de elección dos deputados provinciais, proceso dirixido, naqueles concellos de máis de 200 veciños, por unha xunta de partido de dous membros en cada concello e presidida polo alcalde do mesmo (art. 2), regulamentouse con claridade¹⁰.

Amais, o Decreto determina en tres anos a duración do cargo de deputado provincial e a renovación, por metades e cada ano e medio, da corporación (art. 10), mais, a diferenza de anteriores lexislacións, o deputado saínte pode volver a ser reelixido (art. 11). O papel dos suplentes tamén se clarifica e a súa función é a de substituír, por morte ou enfermidade, aos deputados titulares durante o tempo necesario ou ata a fin de lexislatura (art. 12). Cabe sinalar que se establece unha diferenciación entre as sesións da Deputación en ordinarias, as “anuales distribuidas en las épocas más convenientes [...] y nunca pasarán de cien días en cada año”; e extraordinarias, as que convocado o gobernador civil “por alguna grave causa que así lo requiera y que se exprese en la convocatoria”¹¹. Polo tanto, vemos como aumenta o número de sesións anuais de 90 a 100 respecto ás instrucións previas. Noutra beira, o papel do presidente e do Intendente segue a ser relevante, posuíndo voto nas sesións (art. 19) e tendo o primeiro a capacidade, xunto co Goberno central, de suspender a unha corporación (art. 21).

No título II, “De las facultades y atribuciones de las diputaciones provinciales y de las juntas de partido”, as Deputacións Provinciais pasan a xestionar os repartimentos económicos e derramas, así como a regulación das substitucións do exército e as reclamacións disto chegadas a través dos informes recibidos polo gobernador civil (art. 25). Tamén a institución provincial establecerá unha normativa propia e autónoma sobre a estrutura, salario e regulamento do seu persoal e das súas dependencias. Por riba, o decreto amosa un total interese en que o papel da entidade sexa de control dos tributos, da xestión e subministro dos fondos públicos nos concellos e no mantemento dos recursos públicos, principalmente

8 *Gaceta de Madrid* (23-IX-1835), 270: 1071-1072.

9 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 73; e *Gaceta de Madrid* (23-IX-1835), art. 5º: 1071.

10 *Gaceta de Madrid* (23-IX-1835), art. 9º: 1071.

11 *Gaceta de Madrid* (23-IX-1835), art. 15º: 1071.

na construción e reconstrución de infraestruturas cos seus fondos (art. 26-27). Na mesma forma, a Deputación Provincial continúa a ter o labor de xestor da Milicia Nacional en caso de necesidade, de control da legalidade vixente nos concellos, de creador de diversos censos estatísticos e de mantemento das institucións de instrución pública e beneficencia (art. 27). Finalmente, establécese que as xuntas de partido, amais de reunirse en época de elección, só terán a función de xestionar o repartimento en cada localidade (art. 28).

O Decreto supuxo un retroceso na autonomía das Deputacións provinciais respecto á orde de 1823, xa que seguía a amosar unha dependencia clara do Gobernador civil e, no aspecto electivo, unha dirección orientada a amparar á oligarquía liberal do territorio que, xa durante a construción da norma nas Cortes, se atopou coa oposición das vellas elites que ocupaban a cámara dos Estamentos de Próceres e Procuradores¹². E esa deriva cara ao predominio do poder das elites provinciais amosouse nos requisitos económicos para poder ser candidato e o sistema electivo indirecto, en segundo grao, onde os maiores contribuíntes e o concello ditaban un representante do municipio para as devanditas Xuntas de Partido, as cales eran as que elixían ao deputado de entre todas as candidaturas¹³. A nova lexislación, marcada pola liña liberal máis moderada e que seguía a estela do creador das provincias, reconvertía á institución nun claro brazo executor do poder central na provincia. Porén, o eclecticismo que podería amosar a normativa respecto ás funcións das institucións provinciais seguía a estar aí, mais asentou determinadas competencias que se mantiveron por longo tempo (beneficencia, instrución pública, etc.).

O período de vixencia do denominado “Arreglo” de 1835 foi bastante curto, xa que o golpe de Estado da Granxa, o 12 de agosto de 1836, deu un xiro de 180° á liña política seguida por Martínez de la Rosa e os partidarios dun Estatuto Real que se substituíu por un último período de vida activa para a Constitución de 1812 (1836-1837)¹⁴. Nun primeiro intre, a normativa provincial apenas variou coa reinstauración progresista da Instrución de 1823, no mes de outubro, por mor do mantemento das corporacións electas segundo a normativa de setembro do ano previo ata a renovación de xaneiro de 1837¹⁵. Porén, cabe sinalar un troco de rele-

12 GONZÁLEZ, P.I. (1978): 157; e GONZÁLEZ, J.A. (1986): 33-34.

13 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 73.

14 NIETO GARCÍA, A. (2012): 13-14.

15 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 34; e ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 74. Tanto a Lei do 15 de outubro de 1836, relativa ao Goberno político das provincias e que restaurou a Instrución do 3 de febreiro de 1823, como o Real Decreto do 8 de decembro dese ano, o cal restabeleceu os Decretos do 10 de xullo de 1812 e do 11 de agosto de 1813 sobre o establecemento das regras para a formación dos Concellos constitucionais e para rexer o goberno das Deputacións provinciais, coexistiron coa normativa de 1835 nun primeiro intre. MUÑOZ MUÑOZ, M.D. (2013): 69. E un bo exemplo da cohabitación de sendas leis amósase na propia norma de outubro, a cal mantivo os soldos dos Xefes Políticos predispostos en 1835, anulando o artigo 245 referido

vancia no período final de 1836. O Real Decreto do 26 de setembro de 1836, polo que se axeita a división económica provincial á división civil de 1833, supoñía unha reorganización, e mesmo un reforzo, do papel de xestor e recadador de rendas e contribucións públicas que pasara a asumir a Deputación¹⁶.

En definitiva, o contexto no que se desenvolveu a normativa do Estatuto Real e do período transitorio á Constitución progresista de 1837 estivo marcado polo ascenso do sector máis progresista do liberalismo oligárquico, o cal provocou tensións coas faccións moderadas e do partido cristino que se saldaron cunha serie de concesións determinadas polo conflito bélico fronte aos partidarios de Carlos María Isidro de Borbón. Precisamente, a primeira guerra carlista (1833-1840) permitiu unha ampliación de competencias dos entes provinciais que mesmo se recollían no Decreto do 21 de setembro de 1835 coa asunción e desenvolvemento dunha Milicia Nacional que se amosou incompetente; ou, como aconteceu durante o goberno de Mendizábal, as xuntas revolucionarias de cariz progresista incorporáronse ás Deputacións como “comisiones de armamento y defensa” que abanearon a dirección e o presuposto das Deputacións ata o seu desvencellamento destas en xaneiro de 1837¹⁷.

Mais a realidade foi unha parálise das competencias ordinarias no eido da administración política e, tralo conflito, as diversas faccións do réxime sabelino, moderados e progresistas, aproveitáronse e intentaron reducir ou manter a descentralización daquelas funcións¹⁸. No caso galego, cabe sinalar que, agás no explícito caso da capital compostelá, as urbes do país estaban claramente do lado da causa de Sabela II. Pola contra, as partidas carlistas lideradas polo xeneral Miguel Gómez en 1836, si deron lugar a unha serie de asedios e conquistas breves de cidades como Lugo e Santiago, así como a numerosas insurreccións no rural, de dispar resultado, que non fixeron máis que agudizar a situación de crise económica do territorio¹⁹.

aos mesmos no decreto de 1823; e a suspensión da porcentaxe a remitir á depositaría das Deputacións provinciais, á hora de facer as contas de Propios e Arbitrios, segundo o artigo 44 do Decreto XLV, de 3 de febreiro de 1823. VV.AA. (1836): 1-2.

16 A medida amosa un carácter tardío, mais posibelmente non se puidera dar antes porque a conclusión do proceso de constitución das Deputacións provinciais non se deu ata o verán de 1836. GONZÁLEZ, P.I. (1978): 158-159 e 165.

17 NIETO GARCÍA, A. (2012): 20; e GONZÁLEZ, J.A. (1986): 35.

18 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 74-75.

19 GONZÁLEZ, P.I. (1978): 166. Unha puntualización bastante senlleira sobre o papel das Deputacións durante a guerra amósaa Orduña Rebollo (2012) ao concederlles o rol de bastións do Estado liberal pola estabilidade institucional que mantiveron. Amais, engade que foi un grave erro, por parte das elites carlistas nos territorios que ocuparon, destruír e intentar substituír ás Deputacións por institucións do Antigo Réxime “que habían fenecido por obsoletas en la década de 1823-33”, algo que si tiveron en conta durante a terceira guerra carlista ao proxeitar crear Deputacións de guerra. ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 74.

2.3. A Constitución de 1837

Coa constante presión do conflito civil, como vimos, o necesario apoio de todas as faccións liberais para a causa sabelina permitiu unha nova cesión, e cun cariz político relevante, por parte da cúpula moderada e da raíña rexente. A promulgación da Constitución progresista, en xuño de 1837, foi a primeira Carta Magna aprobada en España trala de 1812 e, en certa similitude, contou co apoio da maioría das Cortes do intre. Porén, a súa proclama tamén se deu grazas ás prerrogativas concedidas ao moderantismo liberal como esixencia para a súa aprobación. E, quizais, nese pacto de subsistencia resida a razón para entender o escaso peso que se lle deu á organización política, tanto a nivel local como provincial; e os posteriores conflitos que virían durante a seguinte década cos diversos proxectos lexislativos sobre este tema²⁰.

Mais tamén hai outras razóns para entender o escaso interese que se lle deu ao asunto ata a fin do verán de 1837. O goberno progresista de Calatrava considerou que a Instrución de 1823 beneficiaría os seus intereses electorais, por mor do control de Concellos e Deputacións que lle outorgaba a norma²¹. Porén, os resultados dos comicios xerais de fins de setembro devolveron o poder á facción moderada tras un predominio centrista-progresista desde o golpe da Granxa do ano previo. Malia isto, ao goberno do xeneral Baldomero Espartero, nomeado por María Cristina de Borbón trala dimisión de Calatrava, en agosto de 1837, tras un ano de presidencia, deulle tempo a executar o Real Decreto do 13 de setembro de 1837.

2.3.1. Decreto do 13 de setembro de 1837 e os intentos de reforma (1838-1843)

O Real Decreto do 13 de setembro de 1837, amosado como un breve artigo de oficio dunha columna na Gaceta de Madrid o posterior día 18, presentou as seguintes características²². O primeiro dos sete artigos do que se compón, estableceu que as Deputacións provinciais conformaranse polo Xefe Político, o Intendente e un número de deputados mínimo de sete ou, no caso de ser maior, igual ao total de partidos xudiciais que teña cada provincia. A elección destes último recaía nos “electores de Diputados á Cortes que hubiere en cada partido judicial” e, de non chegar a sete, aqueles que tiveran máis poboación terían o dereito de nomear a dous deputados (art. 3)²³. As corporacións, a diferenza doutras normativas previas, renovaranse na súa totalidade en cada elección realizada, segundo o previsto,

20 GONZÁLEZ, P.I. (1978): 171-173; e NIETO GARCÍA, A. (2012): 14-15.

21 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 34.

22 *Gaceta de Madrid* (18-IX-1837), 1022.

23 *Gaceta de Madrid* (18-IX-1837), 1022, art. 3º.

cada 1 de decembro a partires de 1837, mais os deputados saíntes tiñan o dereito de reelección (art. 2) e o inicio da lexislatura daríase nada máis rematar o proceso electoral (art. 6). Os candidatos non tiñan a obriga de residir no partido xudicial polo que se presentaban, mais si na provincia (art. 5); e a súa elección rexeríase pola Lei electoral do 20 de xullo de 1837, coas pertinentes modificacións expresadas no seu intre polo goberno de quenda, á vez convertía aos partidos xudiciais en distritos electorais (art. 4). Finalmente, o derradeiro artigo sinalou o carácter provisorio e transitorio da orde “hasta que se forme la ley orgánica que se menciona en el art. 71 de la Constitución de la monarquía”²⁴.

A síntese principal deste decreto é a de ser un estadio á medio camiño entre unha nova lei provincial e un sandar do establecido nas normativas de 1823 e 1835 para amosar un carácter *doceañista* ao volver a recoller características da de 1813, caso do número de deputados. Porén, amosa un novo carácter centralizador e oligárquico dun progresismo, o de 1837, cunha visión totalmente diferente dos seus camaradas exaltados do trienio que concederan unha lei, a de 1823, cunha tinturas mesmo contraditorias e populistas²⁵. Un bo exemplo disto é a definición explícita da normativa electoral na que se ía basear a elección, a do 20 de xullo de 1837 e seguidora en gran parte do estipulado na súa predecesora do 24 de maio de 1836, mais non no seu sistema electoral universal masculino²⁶. Esta nova norma, pois, deu inicio ás constantes disputas entre moderados e progresistas por unha maior ou menor autonomía administrativa por parte dos poderes municipais e provinciais, sobre todo tralo fin da guerra. Porén, 1837 supuxo a definitiva consolidación das Deputacións provinciais no réxime político español²⁷.

A década de 1835 a 1845, pois, supuxo un inicio de reforma para a lexislación provincial, coa acollida do Decreto do 21 de setembro de 1835, ao retorno á vella normativa de 1823 durante o último período *doceañista* (1836-1837) e, con varias modificacións ou intentos de sandala, mantívose ata a definitiva asunción de poder moderado coa maioría de idade de Sabela II en 1844. Xunto co devandito decreto, cabe sinalar outros intentos de reforma que non se levaron a bo porto por diversas vicisitudes que, en liña co contexto xa explicado, determinaron o transcurso político español. O conflito carlista determinou que, durante os gobernos moderados (1837-1840), tanto en maioría como en cohabitación cos progresistas,

24 *Gaceta de Madrid* (18-IX-1837), 1022, art. 7º.

25 NIETO GARCÍA, A. (2012): 21-24.

26 A Lei do 24 de maio de 1836 marcou un antes e un despois no sistema electoral español, incluíndo o método directo e a formación das listaxes electorais, así como riscos da política contemporánea actual (a presentación pública dos candidatos, a promulgación en prensa do programa electoral dos candidatos ou a creación de asociacións electorais como xermolos dos partidos políticos). MARTÍNEZ, P. (2008): 47-51.

27 GONZÁLEZ, P.I. (1978): 173; e NIETO GARCÍA, A. (2012): 15.

esta facción se soubera aproveitar da descentralización provincial co fin de combatalo para, trala vitoria, amosar unha nova regulación centralizadora para os eidos local e provincial²⁸. Aínda así, o 12 de maio de 1838, trala vitoria lexislativa do partido moderado, o ministro de Gobernación presentou un proxecto de lei no que as Deputacións aumentaban os seus membros a nove, electos pola norma electoral a Cortes; e o Xefe Político reforzaba a súa posición coa redución de competencias daquelas ás contribucións e quintas, á vez que se creaban uns consellos provinciais ao estilo francés. Polo demais, a Deputación ía ser “un organismo consultivo del jefe político, reservándose la solución de las reclamaciones por los repartos”²⁹. Mais a Comisión das Cortes desbotou a proposta, algo que volvería a facer dous anos despois, xa cun goberno de coalición con predominio esparterista no inicio dunha nova lexislatura, cos catro proxectos de lei, certamente semellantes ao de Silvela e mesmo con tinturas do Decreto de 1835, do ministro da Gobernación moderado, o cántabro e antigo deputado por Ourense nas primeiras Cortes do Estatuto Real (1834), Saturnino Calderón Collantes³⁰. Precisamente, no debate sobre estes proxectos de lei, o propio ministro acusou de inoperante á norma municipal e provincial de 1823³¹. Porén, a situación política do intre non permitiu o desenvolvemento legal destes proxectos, aínda que, como analizaremos, sentou unhas características propias que serían base da Lei do 8 de xaneiro de 1845.

Os debates parlamentarios sobre a organización municipal e provincial foron continuos durante todo o período e, precisamente, o proxecto de Calderón Collantes para a organización municipal por parte desa facción moderada do goberno supuxo a caída da rexencia e a asunción plenipotenciaria de Espartero. O proxecto, presentado o 21 de marzo conxunto co provincial e os seus regulamentos nas Cortes, pasou ao Senado con moitas trabas e, ante a negativa da opinión pública, a raíña rexente sancionou a Lei de organización e atribucións dos Concellos o 14 de xullo de 1840 da man do presidente do goberno, Evaristo Pérez de Castro³². A oposición ás fortes restricións no apartado competencial e a elección gubernativa do alcalde supuxeron as mostras de rexeite ante a normativa por parte de concellos. A renuncia dos seus cargos militares de Espartero supuxo a caída do goberno coa

28 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 35.

29 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 75.

30 O 21 de marzo de 1840, Calderón Collantes presentou dous proxectos de lei sobre a organización e atribucións dos concellos e Deputacións provinciais, respectivamente, e outros dous relativos ás autorizacións gubernativas para promulgalos. Porén, só o Goberno tramitou a proposta de lei autorizada para os concellos, xa que, ante as presións progresistas nas Cortes e na opinión pública, o apartado das Deputacións foi retirado o 8 de xuño co fin de establecer unha comisión que a estudara con maior profundidade, aínda que non se levou a cabo polos acontecementos políticos posteriores. ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 75-76.

31 ORTEGO GIL, P. (1998): 13.

32 GARCÍA ROJAS, J.A. (2002): 28.

saída de ministros afíns a el, así como os actores e medios progresistas solicitaban unha nova convocatoria electoral. As revoltas e constitucións de xuntas revolucionarias de diverso índole, comezaron a xerminar a partires do 1 de setembro e, trala negativa da raíña rexente ás peticións de Espartero de abolir a nova norma e convocar eleccións, o 13 de outubro María Cristina de Borbón renunciou a ocupar o cargo de rexente da súa filla e, de xeito interino, Espartero pasou a ocupar o cargo, anulando inmediatamente a lei municipal e ordenando a elección de novos membros para as Deputacións provinciais³³.

Trala súa proclamación como rexente único, en 1841, iniciouse un período de friccións dentro dun partido progresista que, como resolveron as Cortes que votaron a Espartero, aspiraba a disposicións diferentes. Do mesmo xeito, os intentos moderados de derrubar ao goberno progresista, tanto de fóra como de dentro do país, foron unha constante, tal e como amosaban as redes de información que mantiña dentro de moitos espazos de poder a antiga raíña rexente exiliada en Francia³⁴. No eido da normativa provincial, e máis aló das novas corporacións provinciais constituídas e do Decreto do 23 de novembro de 1840 que rectificaba os mapas provinciais e a reforma da división provincial, apenas variou³⁵. As propostas de lei do 18 de abril de 1842, a cal se amosou coma unha copia idéntica da presentada polo goberno moderado dous anos atrás, provocando a negativa das Deputacións e a súa conseguinte retirada o día 27 de xuño; e a de primeiros de novembro, outro proxecto sen relación ningunha co anterior, mais que nunca foi discutido, presentáronse ao Senado sen resultado algún por mor, no caso da segundo, polo decreto de suspensión (21 de novembro) dunha lexislatura que se iniciara unha semana antes (14 de novembro)³⁶. Porén, este segundo proxecto, liderado polo presidente do goberno e noutro membro do Batallón Literario de Santiago de Compostela, o xeneral lugués José Ramón Rodil y Campillo, seguiu en parte o papel descentralizador da normativa de 1823. No proxecto primeiro, como indica González Casanovas (1986), as Deputacións provinciais aumentarían as súas competencias administrativas na súa xurisdición e no eido do control dos concellos, mais, neste segundo, se proxectou unha exclusión do Xefe Político da Deputación, “asistiendo a ésta solo para informarse de sus acuerdos, y se le reconoce a la corporación provincial el carácter ejecutivo además del deliberantes, pudiendo, además, aprobar definitivamente las cuentas y presupuestos municipales”³⁷.

33 ORTEGO GIL, P. (1998): 37-38.

34 CARR, R. (1969): 200-205.

35 MUÑOZ MUÑOZ, M.D. (2013): 69.

36 ORTEGO GIL, P. (1998): 38; e ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 77.

37 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 36.

A división interna entre os progresistas, cada vez máis aguda por mor das decisións do rexente militar, derivou na perda paulatina do apoio das Cortes á súa figura e, co bombardeo de Barcelona en maio de 1843, nunha crise institucional final que se resolveu coa súa marcha ao exilio inglés o 30 de xullo. Amais, as intrigas orquestradas desde París por parte da raíña nai e lideradas polos *espadóns* moderados, caso dun Ramón María Narváez que se convertería na figura clave da facción oligárquica moderada ata 1868, derivaron nun desembarco militar en Valencia que premeron na rápida marcha, ante a falta de apoios, do Príncipe de Vergara. Finalmente, o 8 de novembro de 1843, as novas Cortes aprobaron a maioría de idade de Sabela II e deron inicio ao reinado efectivo da herdeira fernandina.

En definitiva, o peso e influxo crecente do xeneral Baldomero Espartero na política española do sexenio (1837-1843), grazas aos seus éxitos na fronte de guerra, ampararon o seu ascenso persoal, culminado na rexencia, e, previamente, do *seu* partido progresista, tal e como amosa a vitoria nas eleccións de 1839, desenvolvidas un mes antes da sinatura do Convenio de Vergara que puxo fin á guerra (31 de agosto de 1839)³⁸. Nelas, e por mor das disputas cos *espadóns* moderados, o liberalismo máis centralista retrotraeuse, aínda que, por decisión do xefe militar, a presidencia de goberno seguiu en mans duns moderados premidos pola forza progresista. Por conseguinte, observamos como, desde 1834 e mesmo durante a rexencia de Espartero, a fiabilidade dos gobernos duns e doutros era moi fráxil e a necesidade de se entender era vital para a construción e mantemento do réxime constitucional. Mais, co fin da guerra, as disputas dialécticas, e mesmo os intentos golpistas, acabaron cunha ruptura definitiva do pacto político por mor, como *casus belli*, das posturas máis ou menos centralistas na organización administrativa territorial³⁹.

3. O reinado efectivo (1843-1868)

3.1. A Lei Provincial do 8 de xaneiro de 1845

O inicio dun novo período político marcado polo poder absoluto da facción moderada do liberalismo español, supuxo unha serie de trocos na organización provincial e, por conseguinte, das Deputacións. Entre a caída de Espartero, en xullo de 1843, a asunción do poder por parte do xeneral Ramón Narváez, en maio de 1844, e a aprobación da normativa sobre a organización e atribucións das Deputacións

38 CARR, R. (1969): 194-195.

39 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 35; e ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 75.

provinciais, en xaneiro de 1845, os primeiros gobernos do reinado efectivo de Sabela II conformaron e confirmaron o triunfo das elites do pretérito Antigo Réxime e do sector máis clasista e moderado da nova estrutura sociopolítica e económica do Estado español.

Malia algunhas críticas chegadas desde o eido conservador, contrarias á existencia dos órganos provinciais por consideralas elementos de inestabilidade do poder central, a nova norma confirmou definitivamente á institución no sistema político español⁴⁰. Sen debate parlamentario algún, as Cortes moderadas aprobaron o 8 de xaneiro de 1845 a Lei de Organización e Atribucións das Deputacións Provinciais⁴¹. E antes de afondar na análise do seu contido, cabe sinalar que non son poucos os autores que defenden unha débeda total desta norma, no eido lexislativo, respecto á de 1835 e aos intentos moderados de 1838 e 1840, á vez que a definen como o cumio da lexislación provincial moderada do período nun contexto onde o progresismo fora repudiado e apartado do poder e que se viu representado no único deputado, daquelas Cortes de 1845, quen, por riba, se ausentou de dita votación⁴².

Dividida en seis títulos, o primeiro deles céntrase na organización das Deputacións provinciais (art. 1-6); o segundo nas “cualidades necesarias para ser diputado provincial” (art. 7-9); o terceiro no xeito de facer os comicios (art. 10-35); o cuarto no proceder nas sesións da Deputación provincial (art. 36-54); o quinto nas atribucións e funcións das devanditas entidades (art. 55-59); e o sexto no presuposto provincial (art. 60-73). Como se observa, a premisa política de desenvolver unha normativa ampla sobre as Deputacións provinciais de mediada a década de 1830, cumpriuse con creces na orde asinada en Palacio pola raíña e emitida polo entón ministro da Gobernación, Pedro José Pidal⁴³.

O primeiro apartado, pois, establece que as Deputacións se comporán polo Xefe Político, polo Intendente e por “tantos Diputados cuantos sean los partidos judiciales en que esté la provincia dividida” (art. 1), mais existían as variábeis de que algunha poboación tivera máis dun xuíz de primeira instancia e, por conseguinte, tíñanse que elixir tantos deputados como xuíces (art. 2); e de que non houbera un número mínimo de nove partidos xudiciais, tendo aqueles de maior poboación que elixir dous en vez dun ata chegar ao mínimo (art. 3). Namentres, o destacábel do título reside no claro sistema indirecto de elección dos deputados e o influxo

40 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 77-78.

41 *Gaceta de Madrid* (15-I-1845), 3776: 3-4.

42 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 36; e ORTEGO GIL, P. (1998): 38-40.

43 A devandita similitude coa proposta de 1840 reflíctese nesta división no corpo lexislativo, tanto nos títulos como no número, como case no número de artigos: 73 na de 1845 por 66 do proxecto de cinco anos atrás. ORTEGO GIL, P. (1998): 15.

do goberno nisto, xa que podía propor unha división dos distritos electorais máis acordos á nova lei (art. 4). Do mesmo xeito, o nomeamento pasaba a ser obrigatorio e reafirmábase o seu carácter “honorífico [e] gratuito” (art. 5), á vez que a renovación electoral seguía a liña previa de normas previas: metade cada dous anos e, en caso de ser impares, a maioría (art. 6)⁴⁴.

O seguinte apartado establecía unha serie de requisitos para optar a ocupar o cargo político; de novo, basicamente reafirma o carácter clasista e oligárquico do sistema ao establecer unha obriga monetaria: unha renda anual procedente dos bens propios mínima de 8.000 reais de vellón “ó pagar 500 de contribucións directas”. De feito, a obriga de residencia de leis previas diluíuse ao promulgar que, se o candidato non residía na provincia desde dous anos antes como mínimo, este podía selo se posuía propiedades polas cales pague 1.000 reais de contribucións directas⁴⁵. Ámbolos dous preceptos asinantes do novo réxime de propietarios, no caso de non se acadar o número mínimo de 20 persoas con devanditas características, posuían unha terceira baza: a través dos maiores contribuíntes do partido inscritos nas listas de elixíbeis para os concellos, estes completarían o grupo de electores para cada Deputado a nomear. Posteriormente, desenvólvense as prohibicións para o cargo por ocupar outros labores públicos (administrador de fincas da provincia, contratista de obras públicas, asalariados da propia Deputación, etc.) ou por ter débedas xudiciais, monetarias ou penais, así como os motivos de renuncia ao cargo, caso de seren senadores, deputados ou concelleiros ou non cumprir o espazo pertinente de dous anos trala renovación da corporación saínte –algo que non se establece con claridade coma noutras normas.

O terceiro apartado é, quizais, o máis interesante, e non só pola súa amplitude de artigos. Nun primeiro senso, observamos que hai dous tipos de convocatorias que afirman o carácter centralizador da norma: a da Real convocatoria, no caso de renovación xeral e a do Xefe Político, no caso da renovación ordinaria. Seguindo a liña, confírmase o peso do centralismo moderado nos seguintes artigos: mentres que o Xefe Político queda encargado de convocar e remitir dita orde aos concellos e alcaldes, o goberno é quen aproba o establecemento dos distritos electorais, os cales quedan fixados para as vindeiras convocatorias sen posibilidade de troco, agás decisión do mesmo (art. 14). No apartado electoral, a norma ditamina que os electores a esta convocatoria sexan os mesmos que a Cortes (art. 11) e, principalmente, desenvolve unha normativa electoral inexistente ata o intre. Nun primeiro punto,

44 *Gaceta de Madrid* (15-I-1845), 3776: 3.

45 Amais, o apartado quinto do artigo 9 establece que, ao seren elixidos, os deputados que non residan na provincia onde foron electos poden renunciar a dito cargo. Polo tanto, exímense de obrigatoriedade, mais podían empregar este beneficio no seu favor ao colocar a outro contribuínte benfeitor no posto. *Gaceta de Madrid* (15-I-1845), 3776: 3.

volve a aparecer a capacidade do Xefe Político de establecer a localidade onde se deben realizar as votacións de cada partido (art. 13) e, a partires de aquí, aparece unha listaxe de como, quen e facer a práctica electoral, tanto da constitución das mesas como da nulidade e validez dos votos, os cales tiñan que ser escritos a man⁴⁶.

As mesas constituíanse polo Alcalde, tenente ou rexedor alí presente, como presidente da mesa; e por catro secretarios escrutadores que saíran dos electores máis votados do partido alí presentes –ou no seu defecto polo presidente e os secretarios electos (art. 16)–, o primeiro día da votación ás nove da mañá e no sitio sinalado (art. 15). Posteriormente, reflíctese o horario de votación, de 9 a 14 horas de cada mañá (art. 18); a lectura dos resultados polo Presidente e en voz alta (art. 20), así como a anotación dos electores que votaron cada día (art. 19), o envío dunha copia certificada da acta electoral ao Xefe Político e a obriga do concello de gardar a orixinal (art. 31) ou do escrutinio xeral, aos seis días de finalizar a votación, “ante el Ayuntamiento pleno de la cabeza del partido” (art. 26). Finalmente, o candidato máis votado tralo resumo xeral das votacións totais de cada distrito electoral, será proclamado polo presidente, aínda que en caso de empate a sorte ditaminará o gañador (art. 28). Noutro eido, amósase o traspaso da información ao Xefe Político, co apoio do Consello Provincial do que falaremos, de todos estes resultados e das incidencias recollidas pola xunta escrutadora (art. 30) e serán os que determinen se o candidato electo cumpre os requisitos (art. 34). O candidato electo, no caso de se presentar e saír electo en dous ou máis distritos electorais da provincia, debe escoller un e unha nova elección resolverá a súa substitución, mesma resolución no caso de cesar do cargo, voluntaria ou involuntariamente, antes dos seis meses últimos da renovación ordinaria (art. 35).

No cuarto apartado, vencellado á organización das sesións da Deputación provincial, obsérvase unha total supeditación ao Xefe Político. Mentres que noutras lexislacións as sesións chegaban a 90, nesta se establecen dúas sesións ordinarias que durarán 20 días en cada época, e só se poderán prorrogar se o xefe provincial así o ditamina (art. 36). Do mesmo xeito, as sesións extraordinarias só os poderán convocar o Xefe Político e o Goberno (art. 37), sendo o primeiro quen dirixirá cada apertura (art. 38) e quen presidirá a institución *de facto*, ocupando o cargo nas súas ausencias o Intendente ou, ante a falta deste segundo, o deputado de máis idade (art. 40). O título continúa con esa mesma liña de centralización do poder por parte do Xefe Político, xa que a Deputación provincial non poderá publicar os acordos sen a súa aprobación (art. 48) e este será quen ditamine se a entidade asumiu máis responsabilidades das posíbeis, podendo suspendela do seu exercicio (art. 50), á vez que será o enlace único da institución provincial na súa comunicación, baixo

46 *Gaceta de Madrid* (15-I-1845), 3776, art. 17º: 3-4.

tódolos efectos, co goberno (art. 49). De feito, comparte esa competencia de suspensión co monarca (art. 53), mais só en casos moi graves (art. 52) e os deputados saíntes por mor dunha suspensión non poderán ser reelixidos ata dous anos despois (art. 53).

O corpo quinto establece as atribucións e funcións das Deputacións provinciais, as cales reducidas en comparación coas previas. De feito, observamos tres categorías diferentes: as funcións propias, caso do reparto entre os concellos das contribucións xerais e das derramas, da estatística nas substitucións para o exército, de realizar reclamacións, de propor ao goberno os arbitrios necesarios e de informar ao rei, vía xefe provincial, dos “asuntos de utilidade para la provincia, y sus observaciones sobre el estado” da mesma; as funcións deliberativas, centradas na administración das propiedades provinciais e na compra, venda e troco por parte da mesma, na aceptación de doazóns ou en litixios acordados ao establecidos nas leis; e as funcións informativas ao goberno, baixo aprobación e permiso previo do Xefe Político, sobre cuestións de beneficencia, obras públicas, límites provinciais, constitución de novos concellos, etc⁴⁷. A delimitación funcional das Deputacións provinciais clarifícase no artigo 58, o cal establece que non “podrán deliberar sobre más asuntos que los comprendidas en la presente ley, ni hacer por sí, ni prohiñar, ni dar curso á exposiciones sobre negocios políticos, ni publicar sin permiso del Gefe político”⁴⁸.

Finalmente, o derradeiro título establece os fondos da provincia e a xestión dos mesmos. De novo, amósase a relevancia do Xefe Político, que é quen establece o presuposto anual da provincia e, tras votación por parte da institución provincial, é aprobado pola raíña (art. 60). Os gastos incluídos no presuposto dividíranse en obrigatorios e voluntarios, inseríndose nos primeiros unha amalgama de servizos (bibliotecas, museos, débedas da provincia, contribucións das propiedades provinciais, gastos de conservación e reparación, alugueres, comisións, subscrición ao Boletín Oficial da Provincia, etc.) e sendo os demais non enumerados na listaxe considerados como voluntarios (art. 61-62). No caso de gastos imprevistos, tanto de carácter ordinario (art. 65) como voluntarios ou extraordinarios (art. 67), farase

47 A normativa presentou unha serie de deficiencias no eido do marco normativo da beneficencia, o cal obrigou a unha tratamento lexislativo posterior que se desenvolveu na Lei do 20 de xuño de 1849 e na súa regulamentación de tres anos despois. A perda de relevancia da Igrexa católica neste campo desde as desamortizacións dos anos previos e a conseguinte asunción desta función por parte da administración local e provincial, xa desde a norma de 1822, amosaron un grave déficit no mantemento e xestión de institucións públicas de beneficencia, o que, nas devanditas normas, derivou no recoñecemento –con retencias– de entidades privadas nese campo. Malia isto, a realidade foi unha mellora lenta, mais paulatina, nos servizos públicos dados neste campo. ANGUITA OSUNA, J.E. (2019): 101 e 118-119.

48 *Gaceta de Madrid* (15-I-1845), 3776, art. 58º: 4.

unha derrama entre os municipios da provincia ou aumentando as contribucións directas, previa aprobación da proposta polo goberno central. Do mesmo xeito, o tratamento e xestión do presuposto amósase específico e só se farán libramentos do Xefe Político por parte do depositario provincial (art. 69), á vez que a institución non ten a capacidade de contratar empréstitos sen autorización gubernativa (art. 68). Amais, esta ten a obriga de realizar as contas de gastos anuais cada inicio dun novo ano (art. 70) e de publicalas no Boletín Oficial da Provincia xunto coa conta do Xefe Político (art. 71).

A modo de triunfo moderado fronte a un ciclo político de retornos a pretéritas normativas doceañistas e de lexislacións progresistas, a lei de 1845 rematou establecendo que, amais de aportar os regulamentos e instrucións necesarias para cumprir estas ordes (art. 72), derogaba “todas las leyes, decretos y disposiciones vigentes relativas á Diputaciones provinciales, que sean contrarias á la presente ley” (art. 73).

En síntese, observamos que dous aspectos claros. Nunha primeira liña, amósase un centralismo total representado na figura do delegado gubernativo, xa que todos e cada un dos pasos que tomara a Deputación provincial tiñan que pasar a aprobación e control do Xefe Político. Nun segundo eido, preséntase unha redución total da representatividade política da institución provincial e das súas funcións, quedando coma un ente deliberante, só administrativo e ao amparo das decisións políticas tomadas polas altas instancias⁴⁹. A mestura, pois, destes ámbolos dous aspectos deu lugar a un primeiro avance na construción das redes caciquís de diversas familias ou clans políticos que, amparados nas necesidades electorais do partido a gobernar, substituíron os intereses locais e provinciais polos seus propios⁵⁰. En definitiva, a centralización administrativa e a creación do Estado unitario moderado, culminadas coa creación dos Consellos Provinciais e a promulgación da Carta Magna, en abril e maio de 1845, respectivamente, converteron ás Deputacións provinciais en instrumento das oligarquías locais de cada unha das 49 provincias do momento⁵¹.

49 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 77-78; e MUÑOZ MUÑOZ, M.D. (2013): 70-71.

50 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 36-37.

51 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 80. Un bo exemplo da redución do papel da provincia como ente político foi a Lei electoral de 1846, vixente ata 1865 e que anulaba a función de circunscripción electoral da devandita demarcación territorial, característica propia de tódalas normativas electorais previas (1812, 1834, 1836 e 1837). A nova lei creou 349 distritos uninominais, correspondentes en maior ou menor medida cos partidos xudiciais de cada provincia, así como as áreas nas que quedaron divididas as grandes urbes da época. Ata 1931, agás nas lexislacións de 1865 e 1869, todos os regulamentos electorais mantiveron este carácter oligárquico e local, propicio para, a partires dun sufraxio electoral censatario e masculino inicial, construír un tecido caciquil que beneficiase aos contribuíntes e próceres que si podían votar, aproximadamente un 1% da poboación española dese intre. ROMERO, C. (2021): 34 e 50-51.

3.1.1. As Leis do 2 de abril de 1845: os Consellos Provinciais e o Xefe Político

A *Ley de organización y atribuciones de los Consejos Provinciales* e a *Ley para el gobierno de las provincias*, ambas dadas o 2 de abril de 1845, supuxeron, por unha beira, a creación dunha institución consultiva e xudicial e, por outra, a definitiva estruturación da figura do Xefe Político como principal autoridade gobernativa nas provincias⁵². E aínda que sexan dúas normas diferentes, podémolas considerar como unha única norma atendendo á relación de subordinación do novo ente co delegado gubernativo, á vez que serve para entender a perda competencial das Deputacións provinciais e o panorama da administración política do réxime provincial durante os anos posteriores.

Antes de mergullarnos na fonte normativa, e atendendo á definición de Orduña Rebollo (2012), a cal ditamina que a “trama provincial nacida en 1845 cuenta con tres bases: el jefe político o gobernador, la Diputación Provincial y el Consejo Provincial”, podemos establecer que esa tripla estrutura do novo sistema provincial ten a súa orixe no influxo da administración francesa da época, a cal deixou innumerábeis pegadas⁵³. Nun símil, e como ben recolle Moreno Tejada (2018), o Xefe Político correspondería ao Prefecto gubernativo departamental, a Deputación Provincial ao *Conseil de Département* de carácter colexiado e popular e o Consello Provincial ao *Conseil de Prefecture* de funcións consultivas e contencioso-administrativas⁵⁴.

Os Consellos Provinciais, pois, quedaron estruturados nunha norma que presentaba catro títulos: o primeiro, vencellado á organización dos mesmos; o segundo, expoñente das súas atribucións; o terceiro, ligado aos modos e procederes das sesións; e o cuarto, confeccionador da normativa ligada ao seguir nas sentencias dadas e nas posibles apelacións. No primeiro eido, a norma establece que o Consello Provincial se tiña que instalar na capital provincial e se comporía do Xefe Político, presidente do mesmo (art. 2), e de tres a cinco vogais nomeados pola raíña, sendo polo menos dous letrados (art. 1). Xunto co presidente, un deses vogais sería elixido vicepresidente polo monarca (art. 2), á vez que os soldos destes conselleiros irían dos 8.000 aos 12.000 reais anuais e a pertenza e servizo neste órgano suporía un “mérito especial para sus respectivas carreras”⁵⁵. Amais, estableceríase un nú-

52 *Gaceta de Madrid* (9-IV-1845), 3860: 1-2.

53 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 78.

54 MORENO, S. (2018): 126.

55 *Gaceta de Madrid* (9-IV-1845), 3860, art. 3º: 1. O establecemento final dos soldos estipulouse en función de tres categorías dadas ás provincias (1ª: 10.000 reais; 2ª: 10.000 reais; e 3ª: 8.000 reais), amais dunha cuarta que só acollía a Madrid (12.000 reais), segundo a orde dada polo ministerio da Gobernación da Península o 2 de xullo de 1845. *Gaceta de Madrid* (5-VII-1845), 3947, disposición 11ª: 1.

mero igual de suplentes que, no caso de entrar ao exercicio efectivo por mor de ausencias xustificadas dos titulares, cobrarían a metade da remuneración do titular (art. 4). Finalmente, o título péchase ditaminando que, tanto as “*gratificaciones*” dos conselleiros, os soldos do persoal do ente e os gastos derivados das súas actuacións, se tiñan que sufragar dos fondos provinciais (art. 5), o cal se pode ligar coa perda competencial da Deputación: a menores funcións, asumidas en parte por este ente, menor presuposto.

No segundo punto, a norma ditamina as funcións destes consellos que se poden estruturar en consultivas, elaborando ditames a petición gubernativa (art. 6); xudiciais de carácter administrativo-contencioso, ligadas a unha ampla amalgama de cuestións (uso e distribución dos bens públicos provinciais, cumprimento de contratos públicos, conflitos orixinados pola execución de obras públicas, salubridade das industrias e comercios, establecemento de lindes, curso e navegación das augas, etc.) (art. 8); e administrativas, mais de carácter extraordinario á hora de establecer leis, ordes e regulamentos excepcionais (art. 7). Da mesma forma, os Consellos Provinciais terán que asumir os diversos procesos contenciosos, de carácter ordinario, da administración civil da provincia (art. 9), á vez que tanto as súas funcións (art. 10) como as solicitudes gubernativas e publicacións de acordos (art. 11) están baixo a supervisión do Xefe Político.

No eido das sesións e procedementos do mesmo, o ente non terá un número máximo nin mínimo de sesións anuais, quedando convocadas todas as necesarias segundo as consideracións do delegado do goberno (art. 12). Realizadas as sesións a porta pechada, agás as vistas dos procesos (art. 13), as resolucións administrativas resolveranse por votación simple, sendo o voto do presidente o que decida unha resolución empatada (art. 14). Porén, a norma establece que o xeito de proceder no ámbito contencioso se determinaría por un regulamento especial posterior (art. 15), o cal tardou máis dun ano, o 6 de xullo de 1846, en promulgarse⁵⁶.

Finalmente, o derradeiro título, *De las sentencias y de su apelación*, establece que as sentencias terán que ser motivadas (art. 16) e a súa execución dependerá de persoal administrativo, agás nos casos de litixios por venda de bens, os cales se trasladarán aos tribunais ordinarios (art. 17). O propio órgano non terá a capacidade de modificar a súa sentenza (art. 18) e as apelacións realizaranse no Consello Supremo de Administración do Estado, aínda que non se admitirán no caso de litixios “cuyo interés, pudiendo sujetarse á una apreciación material, no llegue á 2,000 rs.”⁵⁷.

Nesa mesma *Gaceta* do 9 de abril, desenvólense os once artigos da Lei para o goberno das provincias, aprobada á par que a anterior e que, en síntese, establece

56 MORENO, S. (2018): 130.

57 *Gaceta de Madrid* (9-IV-1845), 3860, art. 19º: 1.

as funcións do Xefe Político na súa demarcación a gobernar. A norma estipula que o Xefe Político é a principal autoridade gobernativa das provincias, sendo un cargo exclusivamente electo polo monarca da quenda, a través de Real Decreto (art. 2), mais que queda baixo dependencia do ministerio da Gobernación da Península (art. 1)⁵⁸. Na súa ausencia, será o propio executivo central quen designe ao seu substituto temporal ou, no seu defecto, será o vicepresidente do Consello Provincial quen ocupe o cargo de xeito interino (art. 3). No eido das súas competencias, o Xefe Político asumía os papeis de comunicador bidireccional do goberno coa súa área de goberno, de responsábel da orde pública, de xestor da sanidade provincial, así como os sucesos de epidemias posíbeis; ou, de xeito principal, de executor de “todo lo que dispongan las leyes, decretos y órdenes del Gobierno”⁵⁹. Posteriormente, figuran unha serie de cláusulas ligadas á aplicación correcta das súas funcións, caso da imposición de penas pecuniarias, de reclamar o auxilio militar do acuartelamento máis próximo, de suspender ao funcionariado ou cargo político baixo a súa responsabilidade ou de presidir todas as institucións dependentes do ministerio da Gobernación, así como ten a capacidade de denegar ou substituír o consentimento paterno nas vodas dos seus fillos, tanto maiores como menores de idade (art. 5).

Finalmente, a norma establece a submisión do cargo ao goberno e ao rei (art. 6) e a obediencia total aos decretos e leis dados desde Madrid (art. 7). Porén, o Xefe Político só podía ser xulgado no Tribunal Supremo de Xustiza, en caso de denuncia, se así o consideraba o monarca (art. 9). A lexislación pecha establecendo a posibilidade de que exista a figura do Xefe Político subalterno naqueles distritos xudiciais que considerase o goberno central, asumindo as funcións do delegado provincial, mais quedando baixo a autoridade deste último (art. 10).

Tres meses despois, desde o ministerio da Gobernación da Península promulgouse unha Real Orde, de 2 de xullo de 1845 e dirixida aos Xefes Políticos, que amosaba unha serie de condicionantes para a instalación, “con la debida regularidad”, dos Consellos Provinciais. Basicamente, estableceuse lexislativamente a relación entre o delegado gobernativo e o novo ente, e o proceder na constitución de este último. A norma estipulaba que os novos Consellos Provinciais tiñan que estar constituídos oficialmente para o 1 de agosto vindeiro, quedando en mans do

58 A denominación de Xefe Político considérase como temporal no primeiro artigo da nova lei. O seu nome oficial definitivo, Gobernador de Provincia, estableceuse no Real Decreto do 28 de decembro de 1849, o cal tamén eliminou definitivamente, tras un primeiro intento en 1847, a figura do Intendente, quedando as súas funcións de Facenda absorbidas polo novo cargo que se convertía na única e máxima entidade civil gobernativa das provincias. *Gaceta de Madrid* (9-IV-1845), 3860, art. 1º: 1; e ORDUÑA, E. (2003): 356-357.

59 *Gaceta de Madrid* (9-IV-1845), 3860, art. 4º (cap. 9º): 1.

Xefe Político informar e convocar ás persoas nomeadas, tanto titulares como suplentes, para o acto de constitución⁶⁰. Do mesmo xeito, o ministerio obrigaba aos membros da corporación a fixar a súa residencia habitual na capital provincial e, no lugar e día sinalado para a constitución da mesma, a asistir ao acto⁶¹.

Amais, as seguintes disposicións amosan a clara dependencia da nova institución, tal e como estipulado en que, por mor das comunicacións constantes entre ámbolos dous entes, as reunións da asemblea se deben desenvolver nunha sala do edificio do goberno político. Na mesma liña, o propio Xefe Político ten que elixir e nomear como secretario do novo órgano, nas sesións nas que este non actúe como tribunal administrativo, a alguén do seu corpo de secretarios oficiais, quen non percibirá maior remuneración, nin reducirá as súas funcións no seu posto principal⁶². Finalmente, as disposicións céntranse nos procedementos á hora de desenvolver os ditames dados polo consello aos expedientes do delegado; de feito, faise unha diferenciación entre os escritos e verbais, sendo os primeiros redactados trala deliberación dos conselleiros, previa síntese dun deles co fin de facilitar a decisión. Os verbais só se poderían desenvolver en sesión presencial, co Xefe Político presente, e quedando rexistro do acordado. As derradeiras disposicións centráronse no establecemento das gratificacións dos conselleiros segundo rangos, como xa comentamos, e na obriga dun futuro desenvolvemento lexislativo específico para os procedementos do consello no seu papel de tribunal administrativo.

3.2. A Constitución de 1845

A efectos lexislativos, a Constitución do 23 de maio de 1845 limitouse a reproducir os artigos sobre Deputacións e concellos da derradeira Carta Magna de 1837⁶³. No seu título XI, *De las Diputaciones provinciales y de los ayuntamientos*, só confirmou a existencia das administracións provinciais (art. 72) e locais (art. 73) en cada unha

60 O primeiro Consello Provincial de Ourense, nomeado o 5 de xullo de 1845 e constituído o 7 de agosto dese ano, estivo presidido por Manuel Feijóo y Río, Xefe Político da provincia. Na orde gobernativa, Ildefonso Flórez de Páramo, Antonio Puga y Araújo e Vicente Álvarez Robleda, amais de José de La Fuente e Lucas Quiñones como conselleiros supernumerarios, figuraban como nomeados na orde ministerial. Porén, na comunicación provincial do 8 de agosto, o presidente do Consello ditamina que a asemblea se constituíu só con Ildefonso Flórez e Antonio Puga, á vez que Juan García Armero, oficial segundo-primeiro da xefatura provincial, foi nomeado secretario interino do novo ente. *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* (22-VII-1845), 87 (No. 645): 2; e (9-VIII-1845), 95 (No. 696): 1.

61 *Gaceta de Madrid* (5-VII-1845), 3947, disposición 5ª: 1.

62 Aínda así, a norma establece que o delegado gobernativo deberá remitir unha comunicación ao ministerio da Gobernación co fin de informar do número de oficiais e escribentes para os labores de presupostos, contas e traballos do novo consello provincial, á vez que dependerán do propio Xefe Político. *Gaceta de Madrid* (5-VII-1845), 3947, disposición 12ª: 1.

63 MUÑOZ MUÑOZ, M.D. (2013): 71.

das provincias e municipios españois, respectivamente, segundo a forma e norma lexislativa vixente, norma que tamén designaría a intervención e papel dos delegados gubernativos en devanditas institucións (art. 74)⁶⁴. En conclusión, a principal normativa provincial de grande parte do reinado efectivo de Sabela II, malia os breves proxectos do bienio progresista que analizaremos a continuación, desenvolveuse na súa práctica totalidade no comezo do seu reinado efectivo, quedando selada coa aprobación da devandita norma constitucional. E, como ben recolle Pérez Juan (2003), as Deputacións quedaron baleiras de contido e supeditadas á única función de confirmar os acordos do delegado gubernativo provincial⁶⁵.

4. A normativa provincial da crise moderada á Gloriosa (1854-1868)

A progresiva evolución lexislativa e política dos gobernos moderados durante o seu predominio gubernativo (1844-1854) non foi todo o lenta e monolítica que se estableceu na historiografía tradicional por mor da súa comparación co intenso bienio progresista (1854-1856). E no eido da normativa local e provincial non foi menos, tal e como vimos cos decretos e normas sobre a figura do novo Gobernador provincial (1849), da Lei de Beneficencia dese mesmo ano e da súa regulamentación (1852) ou do proceso de eliminación dos Intendentes económicos das provincias. Dentro do seu liberalismo doutrinario, este proceso construíu ese réxime liberal centralista e fortemente mediatizado, a nivel provincial e mesmo local, pola visíbel figura do Estado representada no delegado gubernativo. De feito, esa reconversión das Deputacións provinciais en entes consultivos, xunto cos Consellos Provinciais de devandita índole, foi entendida e asumida como un logro por parte da bancada moderada ao eliminar o carácter político que “había impregnado a algunhas Corporacións”⁶⁶. Bo exemplo foron os intentos de 1847 e 1851, este último cun proxecto de lei que chegou ao Senado, aínda que sen moito éxito, para reorganizar a estrutura e atribucións dos Concellos, Deputacións e Consellos Provinciais, así como o Goberno das Provincias. Namentres, a proposta presentaba certas características contraditorias ao procurar unha maior liberdade de acción destas entidades, mesturada coas capacidades gubernativas de fiscalización, reforma ou anulación dos actos das mesmas, as cales xa se atopaban o bastante afogadas pola falta de autonomía⁶⁷.

64 VV.AA. (1845).

65 PÉREZ, J.A. (2003): 203.

66 MORENO, S. (2018): 150-151.

67 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 80.

O pronunciamento dos xenerais Dulce y Garay y Leopoldo O'Donnell, iniciado nos cuarteis militares da antiga localidade madrileña de Vicálvaro, en xullo de 1854, foi amparado desde o progresismo que quedara apartado do poder desde 1843. Sabedor desa presión centralista nas institucións municipais e provinciais, a adhesión da facción progresista á insurrección dos militares desafectos ao goberno moderado, por mor das corruptelas dos seus membros, motivouse ao ter como un dos puntos principais a devolución dunha maior autonomía ás mesmas, como ben quedou representado na pluma de Cánovas del Castillo na base teórica da revolución: o Programa do Manzanares do día 7 do mes devandito⁶⁸. Finalmente, o triunfo do pronunciamento grazas á intervención da vella figura de Baldomero Espartero, vello inimigo de O'Donnell durante a súa rexencia polo apoio deste último á figura da raíña nai, devolveulle ao partido progresista, tras máis dunha década, a parte do poder executivo correspondente ao goberno estatal, dando inicio a un período dunha intensidade legislativa inaudita ata entón co fin de acadar un desenvolvemento socioeconómico acorde á situación da Europa occidental, así como por en práctica os principais dereitos e liberdades defendidos polo progresismo. En síntese, procuraron unha nova estrutura política onde se artellara “el país a partir de los núcleos democráticos municipales y provinciales”⁶⁹. Porén, as limitacións endóxenas do sistema político e económico oligárquico, así como as disputas internas entre o centralismo pragmático do xermolo da Unión Liberal o'donelliana e o progresismo esparterista, o cal comezou a amosar brotes dun liberalismo democrático, derivaron nunha pronta ruptura do pacto entre ambas faccións.

4.1. O Bienio Progresista: o retorno a 1823 e os proxectos fracasados

O 7 de agosto de 1854, unha semana tralo inicio do novo goberno presidido por Baldomero Espartero, e tras reducir a meros órganos consultivos ás Xuntas Revolucionarias provinciais de cariz progresista que apoiaran o pronunciamento, un Real Decreto reinstaurou a norma provincial do 3 de febreiro de 1823, coas súas posteriores modificacións ata o 30 de decembro de 1843 e ditaminando que o ministro da Gobernación deberá presentar ás Cortes “un proxecto de ley que arregle las atribuciones de las corporaciones municipales y provinciales”⁷⁰. Do mesmo xeito, o decreto estableceu a reposición das Deputacións segundo a súa constitución en 1843 e a supresión dos Consellos Provinciais, pasando as entidades previas a

68 SANTANA, M. (1989): 129.

69 ÑACLE GARCÍA, A. (1993): 107-108.

70 *Gaceta de Madrid* (8-VIII-1854), 584.

asumir as disputas xudiciais vixentes e por xurdir por mor da nova normativa no eido contencioso-administrativo⁷¹.

Táboa 2. Corporación da Deputación Provincial de Ourense constituída o 19 de agosto de 1854		
Deputación Provincial de Ourense		
Cargo	Nome	Distrito
Presidente	José Moure	Gobernador
Deputado	José Gómez Nóvoa	Ourense
Deputado	Manuel González Ojea	Allariz
Deputado	Francisco Paradela	Carballiño
Deputado	Francisco Cadórniga	Xinzo de Limia
Deputado	Vicente Martínez Risco	Trives
Deputado	Benito Diéguez Amoeiro	Verín
Deputado	Santiago Álvarez Araújo	Bande
Deputado	José Suárez de Puga	Viana
Deputado	Alonso Ordoñez	Celanova
Deputado	Manuel Fernández Bastos	Ribadavia
Deputado	Antonio Prada Monasterio	Valdeorras

Fonte: ADPOU, Libro de Actas dos plenos (19-VIII-1854), f. 1.

Porén, e segundo a análise do propio González Casanovas ao decreto real citado, o progresismo segue a amosar un eclecticismo semellante ao de décadas previas e as súas diferenzas co moderantismo liberal son apenas ínfimas, xa que o seu proceso descentralizador non procuraba máis que beneficiar aos seus intereses do mesmo modo que os seus rivais políticos⁷². A recuperación de funcións por parte das deputacións, caso das contas municipais ou de cuestións educativas, supuxo

71 MORENO, S. (2018): 136. En Ourense, a orde ministerial reflectiuse no boletín extraordinario do 11 de agosto de 1854 do boletín oficial da provincia. *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* (11-VIII-1854). Do mesmo xeito, o 19 de agosto de 1854 e en pleno, a Deputación Provincial restabeleceu á corporación vixente en xullo de 1843 e que se confirmou no BOPO do 22 de agosto. ADPOU, Libro de Actas dos plenos (19-VIII-1854), f. 1.; e *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* (22-VIII-1854), 100: 1.

72 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 36-37.

seguir a vella liña de numerosas concesións administrativas –que non políticas– dadas desde o progresismo español desde as súas demandas nas Cortes de Cádiz⁷³.

En síntese, o período deixou dos proxectos legislativos para os réximes municipal e provincial non pasaron do mero trámite, xa que, malia chegar a ser aprobada en xullo de 1856 unha lei municipal, esta durou só tres meses por mor da caída do progresismo do goberno e da asunción ao poder da Unión Liberal que restituíu a norma municipal e provincial de abril de 1845⁷⁴. Porén, a proposta legislativa e bicéfala do por entón ministro da Gobernación da Península, o literato e camaleónico político Patricio de la Escosura, pretendía superar esa dicotomía das posturas centralizadoras e descentralizadoras das faccións gobernantes, unionliberalistas e progresistas, respectivamente, a través dunha perspectiva igual ou máis ecléctica que as concepcións que tiñan moderados e progresistas dos termos devanditos. A vía intermedia ou o proxecto de descentralización moderada, como así o titula Santana Molina, procuraba unha solución oposta “al centralismo, pero también a la descentralización excesiva”⁷⁵. A nivel de estrutura, a norma procuraba oficializar a supresión dos Consellos provinciais, aumentar as atribucións económicas e administrativas das Deputacións, sobre todo co recoñecemento dun espazo competencial propio –a provincia–; e, de xeito senlleiro, pretendía ampliar o número de representantes das corporacións provinciais ao equiparalo, proporcionalmente, co número de habitantes de cada provincia, á vez que, seguindo a norma constitucional de 1837, o nomeamento dos deputados provinciais quedaba en mans da mesma masa electoral que vota para Cortes⁷⁶. Amais, foi claramente debedora da norma provincial do goberno exaltado de 1823, tal e como reflicte a posición xerárquica da Deputación sobre o concello en varios eidos (eleccións, repartimentos, arrendamentos, etc.) ou á hora de asumir máis competencias. Do mesmo modo, a normativa deu aires de autonomía ás institucións provinciais respecto ao Gobernador provincial, sobre todo nas competencias que lle foran exclusivas ás Deputacións; mais que baten coa falta de funcións de cariz político, máis aló da función estatística que se lles dá. En síntese, Escosura procuraba unha norma que fora en contra das directrices doutrinarias máis centrípetas do liberalismo nos eidos da administración e da lexislación, incorporando unha orientación máis democrática e autónoma á hora de desenvolverse estas institucións que era debedora da lei de 1823, mais que presentaba actualizacións⁷⁷. Aínda así, quedaba claro que a provincia seguía a ser

73 SÁNCHEZ, I. (1999): 112.

74 MUÑOZ MUÑOZ, M.D. (2013): 72.

75 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 80.

76 SANTANA, M. (1989): 133; e ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 81.

77 Os debates entre as faccións progresistas máis radicadas, representadas na figura de Nicolás Salmerón, e a propia figura do heterodoxo progresista Escosura, foron longos e mesmo con-

un organismo da administración estatal e que as diferenzas entre unha ou outra tendencia liberal, como ben sinalamos, eran basicamente reducidas⁷⁸.

Finalmente, o redundante eclecticismo das elites pactistas gobernantes e as vellas disputas entre os seus líderes amosáronse en todo o seu cénit coa non aprobación da Constitución elaborada en 1856, rematando coa caída do progresismo, a aplicación dunha acta adicional á Constitución de 1845 por parte do breve goberno da Unión Liberal e, posteriormente, a volta do moderantismo das normas locais de mediados a década de 1840⁷⁹.

4.2. A Lei Provincial do 25 de setembro de 1863: decreto e regulamento

O breve retorno ao goberno de Narváez (1856-1858) derivou no retorno definitivo ás normas de 1840 e 1845 nos eidos local e provincial, así como da Carta Magna daquel ano na súa totalidade e no freo da desamortización xeral⁸⁰. Mais as críticas foron moitas e a figura de O'Donnell, robustecida entre os sectores máis moderados do progresismo e máis progresistas do moderantismo trala caída da coalición con Espartero, volveu á escena ao asumir o poder coa súa Unión Liberal durante o seguinte sexenio (1858-1864). Amais, o centralismo moderado volveu a ser posto en dúbida e novos proxectos sobre o réxime local volveron a asolagar o panorama político ata a aprobación dunha nova norma en 1863 que, en síntese, pouco variou respecto á de 1845. E, malia o cambio de siglas, o eclecticismo seguiu a ser a tónica dominante nas propostas para unha lexislación do réxime local que non parecía ter solidez.

O proxecto do ministro da Gobernación, José Posada Herrera, o Grande Elector, macerouse por longo tempo (1860-1863) en medio dun clamor de voces parlamentarias que observaban que, amais de reducir o papel da administración local e provincial a unha sinxela ferramenta do Estado –aínda que veremos que se recoñecían funcións exclusivas das Deputacións provinciais–, supoñía consolidar os personalismos locais e o caciquismo a través dunha descentralización inmo-

traditorios ao longo dos primeiros días de marzo de 1856, sobre todo á hora de querer, por parte do progresismo máis extremo, reinstaurar a norma de 1823 en toda a súa plenitude e, por parte das faccións máis moderadas, impor trabas á pretérita norma por considerala descontextualizada. Así, o que queda claro, é que as leis de réxime local progresistas desde 1812 non promulgaban principios de autogoberno, mais ben “rectificaciones a la centralización moderada, pero con el mismo carácter de uniformidad y subordinación jerárquica”. SANTANA, M. (1989): 136-137.

78 FORCADELL, C. e ROMEO, M. (2006): 47.

79 SANTANA, M. (1989): 137; e SÁNCHEZ, I. (1999): 112-113.

80 ÑACLE GARCÍA, A. (1993): 123.

lista⁸¹. Presentado o proxecto a fins de outubro de 1860, as pretensións do prócer moderado era reducir a unha única norma o goberno provincial da tríade de 1845, Gobernador provincial, Deputacións e Consellos Provinciais, por consideralas entidades complementarias. Como sinala Moreno Tejada, o fin de Posada Herrera era dobre: por unha beira, eliminar todos aqueles erros da lexislación vixente que case tivo 20 anos de vida activa e, por outra, “descentralizar la Administración en lo que no se opusiese a la unidad monárquica y constitucional” a través de reducir competencias secundarias ao goberno central co fin de primar a súa figura, razón que levou a algún que outro autor a empregar o termo desconcentración en lugar de descentralización⁸². De feito, o maior beneficiado foi o Gobernador provincial, quen se converteu na figura clave na consolidación do sistema de partido dominante que practicamente rexeu o reinado efectivo sabelino ata a súa crise e, sobre todo, ao confirmar o seu liderado no proceso de centralización do executivo central como en 1845 polo temor e desconfianza, tralo acontecido en 1854 e ante as novas correntes das faccións liberais demócratas, cara ás corporacións provinciais⁸³.

E cabe sinalar que o texto, malia ser aprobado no Congreso a comezos de abril do ano seguinte e polo Senado o 7 de abril de 1862, xunto co proxecto de contabilidade provincial, non entrou en vigor ata o 27 de setembro de 1863; a razón semella atoparse nas senlleiras diferenzas existentes entre o proxecto inicial e a norma finalmente aprobada, o cal, desde o goberno, era visto como un problema para a súa propia viabilidade⁸⁴. O que si está claro é que a norma, quen presentou a súa regulamentación desenvolta á par dela, presentou incoherencias coa situación socioeconómica de expansión do intre desde o primeiro momento e, xa no mes de outubro, publicouse un novo decreto que concedía unha maior descentralización administrativa a unhas estruturas provinciais realmente afastadas da realidade da norma de 1845, base lexislativa da de 1863⁸⁵.

A nova Lei de goberno e administración das provincias, polo tanto, seguiu a liña marcada polas anteriores normas moderadas. Dividida en cinco títulos –Goberno e administración das provincias, Gobernadores de provincia, Deputacións provinciais, Consellos provinciais e Disposicións xerais– distribuídos en máis de 100 artigos, analizaremos o primeiro deles e, sobre todo, o terceiro, base das novas

81 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 81. Pola contra, o primeiro intento de reformar da normativa de 1845 chegou da man do antecesor de Posada Herrera, Ventura Díaz, ministro durante o curto goberno do moderado Istúriz entre xaneiro e xuño de 1858. Porén, as súas pretensións foron mínimas á hora de engadir modificacións na estrutura provincial e, sobre todo, nos Consellos Provinciais. SANTANA, M. (1989): 138-139; e MORENO, S. (2018): 154.

82 ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 81; e MORENO, S. (2018): 156.

83 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 37-38; e ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 82.

84 *Gaceta de Madrid* (27-IX-1863), 270: 1-2; e MORENO, S. (2018): 168.

85 SANTANA, M. (1989): 143.

estruturas e funcións das Deputacións provinciais e no que destacaremos as principais diferenzas coa norma de 1845.

A norma comeza con tres artigos que establecen que a nova lexislación será desenvolta en todas as Deputacións do territorio metropolitano español, tanto de réxime xeral como foral, mais sen afectar aos acordos chegados dados entre 1839 e 1841⁸⁶. Amais, promulga que “en todas las provincias habrá un Gobernador, una Diputación provincial y un Consejo provincial”, así como Subgobernadores nas illas de Menorca e Gran Canaria e naqueles lugares onde así o dispoña o goberno⁸⁷. Do mesmo xeito, tanto o Gobernador como o seu inferior, serían nomeados polo monarca, a diferenza dos deputados provinciais elixidos polo mesmo censo electoral para os representantes a Cortes. Amais, determina que os conselleiros provinciais tiñan que ser nomeados por Real Decreto expedido desde o ministerio da Gobernación, mais a novidade reside en que eran propostos desde as Deputacións provinciais.

Por conseguinte, o título terceiro da norma, *Diputaciones provinciales*, subdivídese en cinco capítulos e 41 artigos. O primeiro deles, centrado na organización destas institucións, establece unha primeira definición das Deputacións provinciais que confirman o seu baleiro de contido político, sendo só entes económico-administrativos⁸⁸. Do mesmo xeito cas normas previas, establece que cada partido xudicial terá un Deputado provincial, agás que este teña máis de 30.000 habitantes, elixíndose dous nese caso; ou que haxa menos de sete divisións xudiciais nunha provincia, tendo dous deputados os de maior poboación ata acadar esa cifra. A lexislatura estableceuse en catro anos e as renovacións corporativas, en dous e por metades (art. 21).

O capítulo segundo, *Del cargo de Diputado provincial*, estipula unha serie de características e requisitos bastante semellantes cos previos e amosa un carácter oligárquico claro: mentres que o cargo era honorífico, sen remunerar e obrigatorio (art. 22), o candidato tiña que ter, amais de 25 anos, unha renda anual mínima de bens propios de 5.000 reais de vellón ou pagar na contribución directa unha cota de 600 reais polo menos; e residir na provincia nos dous derradeiros anos ou posuír propiedades nela que deixen 1.000 reais na contribución directa, amosando o predominio das elites terratenentes. Por riba, este carácter reafirmábase neste artigo ao engadir a estes requisitos unha aclaración para o cómputo da renda ou da contribución: considerábanse bens propios dos candidatos aqueles que foran das súas cónxuxes, dos seus pais ou dos seus fillos, o que, sen dúbida, permitía unha clara

86 *Gaceta de Madrid* (27-IX-1863), 270, art. 2º: 1.

87 *Gaceta de Madrid* (27-IX-1863), 270, art. 3º: 1.

88 *Gaceta de Madrid* (27-IX-1863), 270, art. 20º: 1.

consolidación do poder familiar en diversos territorios (art. 22). Posteriormente, a norma presenta as mesmas prohibicións para ser candidato que noutras ocasións (Alcaldes, representantes nas Cámaras Alta e Baixa, empregados públicos, debedores á Facenda Pública, reos e persoas en procesos xudiciais, etc.) (art. 23), mais inclúe un novo artigo onde permite varias razóns para non ocupar o cargo e, entre elas, figuran dous preceptos chave: aqueles que deixaran o cargo trala renovación, mais que foran novamente elixidos; e os que foran elixidos mais non eran veciños de facto na provincia (art. 26). Isto, como é obvio, volve a amosar o carácter censatario da lei –lembrar que se restituíu a norma electoral de 1846– e a consolidación nos poderes locais das oligarquías estatais, quen, posuidores de grandes propiedades agrarias do territorio, colocaban aos seus benfeitores nas listas de candidatos.

O capítulo terceiro céntrase na forma e desenvolvemento dos comicios provinciais, quedando establecidos os xerais no mes de novembro e os parciais segundo o determine o Gobernador provincial (art. 27). Como xa comentáramos, a elección será realizada polo mesmo censo electoral a Cortes (art. 28) e rexerá en función da normativa electoral vixente tendo unha serie de procedementos propios⁸⁹.

Posteriormente, a apartado tamén establece unha segunda elección naqueles partidos onde non houberan participado a maioría absoluta dos electores, en primeira instancia, para resolverse por maioría simple, o cal tamén amosa o carácter caciquil da nova desconcentración (art. 30).

O capítulo cuarto establece a estrutura das sesións das corporacións provinciais. De xeito xeral, a norma estipula que estas terían dúas sesións ordinarias anuais, cunha duración ilimitada ata a resolución dos despachos pertinentes (art. 32). Namentres, as sesións extraordinarias só podían ser convocadas por decisión gobernativa (art. 33) e, tanto estas como aquelas, tiñan que ser abertas baixo a figura da Gobernador (art. 35) e este sería o seu presidente cando asista ás mesmas (art. 36). Porén, e a diferenza de normas pretéritas, esta establece a elección dun presidente propio elixido polos membros da corporación e o nomeamento dun deputado representante da entidade en xuízos e outras funcións, sendo ámbolos dous procedementos realizados no primeiro día da sesión (art. 37). Posteriormente, a lexislación mantén os criterios da de 1845 no eido de votación, asistencia e asinamento e publicación dos acordos, os cales só podían ser emanados coa aprobación do Gobernador (art. 44) e executados por el (art. 46). Amais, de novo, esta figura mantívose o conduto comunicador entre a Deputación e as administracións gobernativas (art. 45). A norma tamén estipulado que a entidade provincial deberá ter un “Secretario licenciado en Leyes ó Administración ó Abogado, que será también del Consejo provincial, denominándose Secretario de la Diputación y Consejo

⁸⁹ *Gaceta de Madrid* (27-IX-1863), 270, art. 29º: 1.

de provincia”, amosando esa hibridación procurada polo ministro⁹⁰. O capítulo, pola súa parte, establece unha serie de artigos estipulando as razóns, procedementos e vías para a suspensión parcial ou total e a disolución das corporacións provinciais por parte do representante gubernativo na provincia ou mesmo desde o órgano executivo, indo mesmo ao Consello do Estado ou “en casos urgentes” ao propio Consello de Ministros (art. 49).

O derradeiro capítulo establece as diferentes atribucións das Deputacións provinciais e, de xeito senlleiro, iníciase con tres artigos que presentan unha nova pegada de Posada Herrera. Os candidatos electos tiñan que presentar, na primeira sesión ordinaria, copias das actas e a propia entidade determinará a validez ou nulidade dos comicios e sobre “la aptitud de los elegidos”⁹¹. E, este proceder, tamén se realizará trala renovación bianual (art. 52), quedando as queixas e reclamacións practicamente carentes de sentido, xa que os acordos ditaminados pola Deputación provincial neste eido se tiñan que cumprir, agás que o Gobernador provincial o considerase de xeito unilateral ou previa aprobación do recurso do afectado, quen tiña 15 días para presentalo ao representante gubernativo, así como “todos los datos necesarios al Ministro de la Gobernación” e o informe do propio delegado⁹².

Posteriormente, establécense as diversas funcións das Deputacións, as cales aumentaron considerabelmente respecto á norma vixente ata entón e que tivo en conta, tamén, a reforma no eido da contabilidade provincial, xa que podía discutir e votar o presuposto provincial e propor ao executivo recargas necesarias (art. 54). Así, a entidade provincial terá a capacidade de desenvolver o repartimento das contribucións estatais entre os concellos, así como as diversas reclamacións derivadas do mesmo; de establecer as diversas substitucións para o exército, de nomear e despedir a membros dependentes da Deputación e do Consello con soldos menores a 6.000 reais, así como de propor candidatos para aquelas vacantes existentes nos cargos de Conselleiro provincial e “para todos los demás que se paguen de los fondos provinciales”, agás os deputados, os cargos acollidos a oposición ou concurso ou que excedan a cifra previa nas súas retribucións⁹³. Tamén terá a obriga de constituír comisións de observación das entidades mantidas, total ou parcialmente, pola entidade e de inspección das obras que se estean a realizar na provincia (art. 55), así como asumen a responsabilidade de acordar diversas resolucións, caso da concesión de bens provinciais para fins variados, da convocatoria

90 *Gaceta de Madrid* (27-IX-1863), 270, art. 47º: 1.

91 *Gaceta de Madrid* (27-IX-1863), 270, art. 51º: 2.

92 *Gaceta de Madrid* (27-IX-1863), 270, art. 53º: 2.

93 *Gaceta de Madrid* (27-IX-1863), 270, art. 55º: 2.

de feiras e mercados ou da construción de estradas e obras financiadas co presuposto provincial (art. 56).

Pola contra, tamén quedan establecidas aquelas decisións que tiñan que ser aprobados ben polo Goberno central, ben polo Gobernador da provincia, caso do presuposto provincial, da compra ou venda de propiedades valorados en máis de 200.000 reais, do desenvolvemento de obras cun custo maior aos 200.000 reais, da aceptación de doazóns ou do devandito establecemento de feiras (art. 57). Amais, as entidades gobernativas terán en conta aqueles informes das Deputacións provinciais no eido da constitución de novos concellos, tanto pola vía de fusión ou segregación, das súas demarcacións ou do establecemento de cabezas xudiciais ou municipais, así como doutros eidos (beneficencia, obras públicas, instrución pública, etc.) (art. 58). Finalmente, a norma destaca a obriga, por parte do executivo central, de realizar unha memoria anual sobre a situación administrativa e económica da provincia e onde se expoñan as melloras precisas co fin de que o goberno ditamine, antes do inicio do ano lexislativo das Deputacións, as medidas convenientes (art. 60).

A norma, pois, déixanos ver esa pegada dunha descentralización administrativa realmente abundante, pero nos eidos de baixo nivel de autonomía ou de oportunidade política que segue a liña do moderantismo previo, mais renovado desde a perspectiva de centrifugar as atribucións menores que tiña o Estado central e que ben soubo construír o ministro. Porén, como xa comentáramos antes, a norma sufriu presións das forzas descentralizadoras que ben consideraron tímidas e mesmo medosas as escasas diferenzas notábeis entre a norma de setembro de 1863 e a de 1845. Polo tanto, o Real Decreto do 17 de outubro de 1863 veu a modificar a relación do Gobernador provincial cos réximes locais, modificándose o seu papel de xeito suficiente ao reducir funcións de necesaria aprobación a atribucións de observador, á vez que asumía funcións do Estado⁹⁴. E, no referido ás Deputacións provinciais, estas asumirán novas premisas: o desenvolvemento do plan xeral dos camiños de xeito conxunto co Gobernador (art. 10) e cos concellos (art. 23), a constitución da Xunta de Obras Públicas provincial, formado por membros do Consello Provincial, da Deputación e do concello capitalino (art. 9) e con capacidade de informador (art. 15); a capacidade de desenvolver obras con custos superiores ás cifras devanditas (art. 28), etc. En síntese, a lexislación seguía esa liña desconcentradora que só procuraba mellorar a xestión administrativa e non unha verdadeira descentralización administrativa-política⁹⁵.

94 *Gaceta de Madrid* (18-X-1863), 291.

95 SANTANA, M. (1989): 143; e ORDUÑA REBOLLO, E. (2012): 82.

Con esta normativa, promulgouse a convocatoria de novas eleccións a Deputados provinciais tres días despois, mais a realidade foi que as vicisitudes socioeconómicas e políticas do intre paralizaron a vida política e derivaron en varias reestruturacións executivas por parte dos moderados, entre 1863 e 1864, para dar paso a un último retorno ao goberno da Unión Liberal (1865-1866) antes do seu paso ás forzas opositoras que farían caer o réxime borbónico dous anos despois, cos que xa intentara pactar trala represión do goberno de Narváez tralos sucesos da noite de San Daniel, en abril de 1865, que devolveron a O'Donnell á presidencia⁹⁶. Xunto coa grave crise crediticia e de subsistencia do intre, as demandas da esquerda burguesa, principalmente progresistas e demócratas, seguiron a empurrar e entraron no poder local co fin de espallar a revolución fronte aos gobernos do sistema⁹⁷.

Finalmente, os sucesos do cuartel de San Gil, a fins de xuño de 1866, derivaron na ruptura definitiva do bipartidismo da década 1856-1866 e na constitución dun verdadeiro núcleo opositor que, ata entón, non pedira a caída da raíña. O ascenso ao poder de Narváez ata a súa morte, en abril de 1868, acompañado do ministro da Gobernación, o ultramoderado Luis González Bravo, supuxo unha dura represión e un retroceso da vida política con tinturas autoritarias, algo do que non se librou a administración local e provincial no solpor do reinado de Sabela II.

4.3. O Regulamento do 22 de setembro de 1866

O 21 de outubro González Bravo, a través de dous proxectos de leis reformadores da organización e atribucións dos concellos, por un lado, e do goberno e administración das provincias, por outro, propuxo un freo aos avances descentralizadores de 1863⁹⁸. A norma, a cal presenta un preámbulo que amosa unha mellor e máis clara exposición das pretensións do ministro que os trocos nos artigos expostos nela, acusaba dun deterioro das leis vixentes por caer “en manos de personas que se valían de ellas para fines políticos, rompiendo con ellos los fines específicos de las mismas”, á vez que acusaba ás forzas opositoras de non quere formar parte das eleccións do sistema “porque habían conseguido mantener importantes representaciones en las Corporaciones provinciales y locales, desde las cuales suplían con ventajas su ausencia de las Cortes”⁹⁹. A realidade foi que, ao igual que acontecera en 1854, a case totalidade das Deputacións apoiaran os sucesos revolucionarios pola sinxela razón da escasa autonomía que posuían, razón que derivou nas propostas de redución de funcións e que a súa “acción quede, en lo futuro, encerrada

96 *Gaceta de Madrid* (21-X-1863), 293.

97 GONZÁLEZ, J.A. (1986): 38.

98 *Gaceta de Madrid* (22-X-1866), 295.

99 SANTANA, M. (1989): 144.

dentro de los límites que nunca debió traspasar”¹⁰⁰. E bo exemplo disto foi a eliminación desa capacidade das Deputacións provinciais de elixir aos conselleiros vogais e supernumerarios dos Consellos provinciais, quedando en mans do goberno (art. 63) e reducidos a, como moito, cinco membros¹⁰¹.

En síntese, o texto apenas variou en estrutura e forma, mais, e como ben apunta Santana Molina (1989: 145), esta tiña un claro fin: ter un maior control sobre as Deputacións provinciais a través da redución notábel das súas competencias respecto á lei de Posada Herrera, da eliminación dos requisitos para ser candidato provincial e, sobre todo, de medidas que permitisen un férreo control, baixo a ameaza da disolución e suspensión, dos movementos das mesmas¹⁰².

5. Conclusións

O reinado de Sabela II supuxo, a nivel xeral, o proceso definitivo de construción do Estado liberal en España tralos intentos frustrados das Cortes de Cádiz e do Trienio Liberal (1820-1823). Así mesmo, a estrutura administrativa e política do novo réxime derivou en continuos proxectos lexislativos, de diferente calado en función da doutrina ideolóxica de cada un dos bandos da oligarquía liberal gobernante e coñecedores do seu peso para a construción do novo réxime desde abaixo, para as bases do poder local, representado polos concellos, a nivel municipal, e as Deputacións, a nivel provincial, sempre supeditados, iso si, polo delegado gubernativo.

A evolución da organización e atribucións das Deputacións provinciais, pois, variou en función dos avatares políticos do período convulso que foi o reinado sabelino, marcado polo inicial conflito político entre progresistas e moderados durante o período de rexencias, así como o bélico fronte as faccións carlistas vencelladas ao seu tío, Carlos María Isidro, mais que serviu para asentar definitivamente o réxime provincial liberal en España, representado coa división provincial de novembro de 1833 e as normas de goberno nas novas demarcacións de 1835 e 1837. As diferentes atribucións e a concepción da entidade provincial viu reflectida esas diferentes concepcións dun Estado máis ou menos centralista, aínda que sempre desde a visión administrativa, sen outorgarlle capacidades decisorias de cariz político –agás durante o período de guerra (1833-1840), seguindo en grande parte a liña das normas de 1813 e 1823; e a rexencia de Espartero (1840-1843). Porén, o

100 *Gaceta de Madrid* (22-X-1866), 295: 1.

101 MORENO, S. (2018): 168-169.

102 A norma só se centrou en modificar aqueles artigos da lei de setembro de 1863 que lle permitisen acadar os fins devanditos, caso do artigos 46, 47, 48 e 50 centrados nos procedementos da suspensión e disolución das corporacións provinciais. *Gaceta de Madrid* (22-X-1866), 295: 2.

reinado efectivo da monarca derivou no monopolio moderado no poder; o seu liberalismo doutrinario asentouse como base fundamental do novo réxime e a cohabitación necesaria cos progresistas da década previa, a cal permitira polo contexto o establecemento de normas máis descentralizadoras, desaparecera para provocar unha travesa árida, baleira de contido funcional, das Deputacións provinciais a partires da norma de 1845.

A nivel específico, o predominio total do Xefe Político e, posteriormente, do Gobernador provincial no control e execución das decisións administrativas, económicas e políticas tomadas na provincia, así como o establecemento dun novo órgano, o Consello Provincial, reduciu a res os movementos e accións das Deputacións provinciais que iniciaron un proceso de retraemento en 1845 que, por unha banda, permitiu o asentamento de oligarquías locais nun espazo de poder ao que antes non tiña acceso e, por outra, o control das mesmas dos recursos dispoñíbeis, promovendo o nacemento do caciquismo local co único requisito de amparar os designios das faccións gobernantes. Namentres, a crise e saturación do corrompido réxime moderado permitiu unha certa renovación. Os intentos do bienio, baseado realmente nun breve retorno á norma descontextualizada de 1823; e do período unionista-moderado posterior, coa norma de 1863, provocaron quebras no modelo centrípeto, mais a realidade foi que, como vimos, o eclecticismo asolagou toda a normativa local do período co único fin de robustecer o poder do Estado central.

E ese temor oligárquico de perder o seu poder derivou, no bienio 1866-1868, nun retorno a prácticas recentralizadoras que, pola contra, foron pírricas. A situación sociopolítica da época, xunto co estado crítico da economía española, premeu sobre un modelo de goberno que necesitaba unha adaptación ao contexto finisecular europeo pola súa obsolescencia. O triunfo da revolución setembrina de 1868 e a conseguinte caída da monarquía sabelina provocou a chegada dun período breve (1868-1874) onde, malia á conflitividade social e política do intre, se deron as efémeras primixenias experiencias democráticas en España que, tralo establecemento do réxime oligárquico da Restauración Borbónica, foron base da consolidación do Estado liberal en España e, por conseguinte, das Deputacións provinciais.

BIBLIOGRAFÍA

- Anguita Osuna, J.E. (2019): “Análisis histórico-jurídico de la beneficencia española de mediados del siglo XIX: la “Ley de Beneficencia” de 1849 y su Reglamento de ejecución de 1852”, *APORTES*, 99: 89-121.
- Carr, R. (1969): *España, 1808-1939*, Barcelona, Ariel.
- Cebreiros Álvarez, E. (2019): “Las diputaciones provinciales gallegas en el trienio liberal”, en Chamocho, M.A. (coords.), *Las diputaciones provinciales (1820-1823). Garantés de la Constitución, vertebradoras del nuevo orden provincial: estudios conmemorativos del Bicentenario de la Diputación Provincial de Jaén (1813-2013)*, Xaén, Diputación Provincial de Jaén: 39-62.
- Fariña, X. e Pereira, M. (1986): *La Diputación de Pontevedra (1836-1986)*, Vigo, Diputación Provincial de Pontevedra.
- Forcadell, C. e Romeo, M. (2006) (eds.): *Provincia y nación: los territorios del liberalismo*, Zaragoza, Institución “Fernando el Católico”.
- García Rojas, J.A. (2002): “La administración local en el constitucionalismo histórico español”, *Anales de la Facultad de Derecho*, 19: 23-40.
- González, J.A. (1986): *Las Diputaciones Provinciales en España. Historia de las Diputaciones, 1812-1985*, Madrid, Mancomunidad General de Diputaciones de Régimen Común.
- González, P.I. (1978): *Las Diputaciones Provinciales en Galicia: del Antiguo Régimen al Constitucionalismo*, A Coruña, Diputación Provincial da Coruña.
- Martínez, M. (1995): “La reforma administrativa de Javier de Burgos y la división territorial militar en Castilla y León: Proceso y criterios diferentes”, *Investigaciones históricas: Época moderna y contemporánea*, 15: 315-328.
- Martínez, P. (2008): *Antecedentes históricos de la administración electoral*, Almería, Universidad de Almería.
- Moreno, S. (2018): *El Consejo Provincial de Alicante*, Alacant, Universidad Miguel Hernández.
- Muñoz Muñoz, M.D. (2013): “Recopilación Legislativa sobre las diputaciones provinciales”, *Boletín del Instituto de Estudios Giennenses*, 207: 59-94.
- Ñacle García, A. (1993): “Del bienio progresista a la caída de la monarquía isabelina (1854-1868)”, en Requena, M. (coord.), *Historia de la Diputación de Albacete*, Albacete, Diputación Provincial de Albacete, vol. 1: 105-150.
- Nieto García, A. (2012): “Las diputaciones provinciales en el último período doceañista”, en Nieto García, A., Orduña, E. et al., *El bicentenario de las diputaciones provinciales (Cádiz, 1812)*, Madrid, Fundación Democracia y Gobierno Local: 11-31.
- Orduña, E. (2003): *Municipios y provincias: historia de la organización territorial española*, Madrid, Instituto Nacional de Administración Pública.

- Orduña Rebollo, E. (2012): “Orígenes de las diputaciones provinciales: territorio y administración”, en Nieto, A., Orduña Rebollo, E. et al., *El bicentenario de las diputaciones provinciales (Cádiz, 1812)*, Madrid, Fundación Democracia y Gobierno Local: 33-114.
- Ortego Gil, P. (1998): “El Proyecto de Diputaciones Provinciales de 1840: Modelo para la Ley de 8 de enero de 1845”, *Cuadernos de Historia del Derecho*, 5: 11-42.
- Pérez, J.A. (2003): *La Diputación Provincial de Alicante (1812-1874)*, Alacant, Universidad Miguel Hernández.
- Prado, A. (2005): *La Diputación Provincial en la época isabelina*, Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.
- Romero, C. (2021): *Caciques y caciquismo en España (1834-2020)*, Madrid, Los Libros de la Catarata.
- Sánchez, I. (coord.) (1999): *Historia de la Diputación Provincial de Ciudad Real (1835-1999)*, Cidade Real, Diputación Provincial de Ciudad Real.
- Santana, M. (1989): *La Diputación Provincial en la España decimonónica*, Madrid, Instituto Nacional de Administración Pública.
- VV.AA. (1822): *Colección de Decretos y Ordenes generales expedidos por las Cortes extraordinarias que comprende desde 22 de septiembre de 1821 hasta 14 de febrero de 1822*, Madrid, Congreso dos Deputados: 186-246.
- VV.AA. (1833): *División territorial de la Península é islas adyacentes: aprobada por S.M. en el Real Decreto de 30 de noviembre de 1833*, Madrid, Ministerio de Fomento.
- VV.AA. (1834): *Subdivisión en partidos judiciales de la nueva división territorial de la Península é islas adyacentes: aprobada por S.M. en el Real Decreto de 21 de abril de 1834*, Madrid, Imprenta Real.
- VV.AA. (1836): *Decreto LXV de 3 de febrero de 1823: Ley para el gobierno económico-político de las provincias*, León, Diputación Provincial de León.
- VV.AA. (1845): *Constitución de 1845*, Madrid, Congreso dos Deputados.

FONDOS DOCUMENTAIS

- Arquivo da Deputación Provincial de Ourense (ADPOU).
- Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOPO).
- Gaceta de Madrid. Colección histórica.